



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS CONDICIÓNS E CONTÍAS QUE PERCIBIRÁ O PERSOAL ALLEO QUE FORME PARTE DA COMISIÓN ASESORA EXTERNA DO CICA NAS ANUALIDADES 2021 E 2022

O Regulamento do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (en diante CICA), aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña (en diante UDC), en sesión do 28/04/2021, establece que a Comisión Asesora Externa do CICA estará constituída, polo menos, por cinco investigadores/as externos/as á UDC de recoñecido prestixio internacional con ampla experiencia científica e na dirección de proxectos de investigación no ámbito das áreas de investigación do CICA. Esta Comisión será designada polo/a reitor/a ou vicerreitor/a con competencias en investigación, por proposta do Consello Reitor, conforme co establecido no antedito Regulamento.

O artigo 9 do Regulamento do CICA, recolle as funcións da Comisión Asesora Externa.

O director do CICA e o vicerreitor con competencias en investigación solicitan se fixe a contía, para os membros da Comisión Asesora Externa, pola avaliación que realicen do CICA, cunha periodicidade mínima dunha vez ano, durante as anualidades de 2021 e 2022.

Esta Resolución ten por obxecto fixar as contías e condicións das indemnizacións dos/as membros desta Comisión pola avaliación do centro.

En vista do que antecede e de conformidade co que dispón o artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña,

RESOLVO:

1. Que o importe que percibirá cada membro alleo/a da Comisión Asesora Externa do CICA (en diante a Comisión) polos traballos de avaliación do centro, ascenderá, como máximo a 500 euros/persoa. Nesta contía inclúense os traballos previos relacionados coa valoración do centro, que rematarán co informe de avaliación e a asistencia á/s sesión/s que corresponda/n con esta finalidade. A esta contía aplicaráselle a retención que corresponda en concepto de IRPF. Para os/as membros estranxeiros/as da Comisión que entreguen certificación de residencia fiscal no seu país de orixe, vinculado ao convenio de dobre imposición, no se lles aplicará retención en concepto de IRPF.

2. Caso de ser necesario emitir máis dun informe de avaliación anual, a compensación dos gastos efectuarase conforme ao establecido no apartado anterior. Neste caso, constará no expediente de gasto a autorización previa do/a director/a do CICA e o/a vicerreitor/a con competencias en investigación, na que se indicará o obxecto e a necesidade da emisión de novos informes de avaliación.

3. A contía establecida no apartado 1 é compatible coa percepción dos importes que lles correspondan aos/ás membros da Comisión en concepto de indemnizacións por razón de servizo, por asistir as sesións presenciais que realice a Comisión. O importe destas indemnizacións adecuarase aos importes e as condicións que estableza a normativa reguladora nesta materia na UDC e a normativa xeral de aplicación (Decreto 144/2001, do 7 de xuño, DOG do 25/6/2001 e RD 462/2002, do 24 de maio, BOE 30/5/2002).

4. Os/as membros da Comisión serán nomeados/as polo polo/a reitor/a ou vicerreitor/a con competencias en investigación, por proposta do Consello Reitor e exercerán a súas funcións no período e condicións que establece o artigo 9 do Regulamento do CICA.

Código Seguro De Verificación	09dfBnD7Hee8OSR1/Z4W/w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/10/2021 13:31:53
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/09dfBnD7Hee8OSR1/Z4W/w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





5. Os/as integrantes da Comisión deberán informar do seu nomeamento nas entidades en que desenvolvan o seu traballo e, de ser o caso, tramitarán pola súa conta as autorizacións necesarias para realizar os traballos para os que foron nomeados, de acordo coas condicións e os importes recollidos nesta resolución.

6. Os expedientes de gasto derivados desta RR imputaranse, nas anualidades 2021 e 2022 á orgánica 05.09.44.B3, á funcional 541A e á económica que corresponda en función da natureza do gasto. O financiamento ao que se imputa corresponde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a UDC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021-2022. Neste convenio hai unha acción denominada: Novas estruturas de investigación. CICA. Estudio e definición do CICA, que conta cunha dotación de 50.000€ por anualidade, 25.000€ no 2021 e 25.000€ no 2022.

7. Ao/s expediente/s de gasto que se tramiten incorporárase "fago constar", emitido pola persoa que actúe como secretario/a da Comisión, coa conformidade do seu/súa presidente/a, para verificar a asistencia a/s sesión/s e a realización dos traballos que correspondan.

8. O/a director/a do CICA autorizará a tramitación dos expedientes de gasto obxecto desta Resolución, nas condicións expostas nesta resolución.

9. O/a director/a do CICA e o/a vicerreitor/a con competencias en investigación acreditarán ter recibido de conformidade o/s informe/s de avaliación do centro emitido/s pola Comisión. Esta xustificación unirase ao expediente de gasto para o pagamento da contía establecida no apartado 1 desta Resolución.

9. No ámbito das súas competencias, a Xerencia e a vicerreitoría con competencias en investigación poderán ditar as instrucións que correspondan para o desenvolvemento e execución desta Resolución.

Esta Resolución publicarase no taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC. Entrará en vigor o día da publicación no TEO da UDC e terá vixencia nas anualidades 2021 e 2022.

Na data da sinatura dixital

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	09dfBnD7Hee8OSR1/Z4W/w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/10/2021 13:31:53
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/09dfBnD7Hee8OSR1/Z4W/w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

